



CONCELLO DE PALAS DE REI  
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28  
CP 27200 Palas de Rei  
Telf. 982380001  
Fax. 982374015  
concellopalas@yahoo.es  
www.palasdereis.com

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELABRADA POLO PLENO DA  
CORPORACIÓN DO CONCELLO DE PALAS DE REI, O DÍA DOCE DE DECEMBRO  
DO ANO DOUS MIL CATORCE.**

**ASISTEN:**

**PRESIDENTE**

**D. Pablo José Taboada Camoira .**

---

**CONCELLEIROS**

**D. Fernando Alfredo Pensado Barbeira**

**D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Aurora Vila Agra.**

**D. Amando Sande Agra**

**D<sup>a</sup>. María Cristina Lodeiro Castiñeira**

**D. José Ramón García Vázquez**

**D. Horario Rouco Ferro**

**D. José Sabino Prieto Vázquez.**

**D<sup>a</sup>. Ángela Pérez Vázquez.**

**SECRETARIO-INTERVENTOR**

**D. Iván Ponte Mahía.**

**Faltaron con escusa o Concelleiro :**

**D. Antonio Blanco Estevo.**

**D<sup>a</sup>. Noelia Vázquez Paredes.**



Sendo as nove horas do día doce de decembro do ano dous mil catorce, reúnese no Salón de Plenos da Casa do Concello, o Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria e urxente de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores concelleiros relacionados á marxe, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Pablo José Taboada Camoira, actuando como Secretario – Interventor D. Iván Ponte Mahía, que da fe do acto.



CONCELLO DE PALAS DE REI  
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28  
CP 27200 Palas de Rei  
Telf. 982380001  
Fax. 982374015  
concellopalas@yahoo.es  
www.palasdereis.com

Constituída validamente a sesión, de conformidade co disposto no art. 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión cá seguinte orde do día :

### **PUNTO PRIMEIRO.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

O Sr. Alcalde-Presidente toma a palabra para expoñer que a realización deste Pleno ven pola posibilidade de renegociar as condicións do préstamo de fondo de provedores o cal pode supoñer un considerable aforro financeiro para o Concello de Palas de Rei. Esta posibilidade só se pode materializar ata o día 31 de decembro do ano 2014, e precisa da autorización previa e expresa por parte do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, para que se poida formalizar a operación de crédito. Asimesmo afirma que durante o mes de novembro pedíronse ofertas a distintas entidades bancarias para que presentaran as súas propostas. Por todo elo, o Sr. Alcalde solicita a ratificación da urxencia da sesión coa finalidade de que se poida enviar toda a documentación á maior brevidade posible.

O Sr. Rouco Ferro acepta, en nome do seu grupo, o motivo da urxencia da sesión plenaria pero fai unha suxerencia ó equipo de goberno de que, para outras veces, non se espere a última hora para facer este tipo de operacións porque en outros concellos limítrofes xa fixeron isto fai 2 ou 3 meses. Ademáis considera que os concellais teñen obrigas laborais que teñen que descuidar por acudir, con urxencia, a este tipo de plenos, cando na súa opinión o asunto de hoxe poderíase haber sustanciado nalgún pleno anterior.

Sen máis debate, apróbase por unanimidade dos membros presentes a urxencia da sesión plenaria.



CONCELLO DE PALAS DE REI  
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28  
CP 27200 Palas de Rei  
Telf. 982380001  
Fax. 982374015  
concellopalas@yahoo.es  
www.palasdereis.com

**PUNTO SEGUNDO.- DEBATE E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE REFINANCIACIÓN DA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO FORMALIZADO POR ESTA ENTIDADE CO FONDO PARA A FINANCIACIÓN DE PAGO A PROVEEDORES, E ADOPCIÓN DE ACORDOS QUE PROCEDA.**

O Sr. Alcalde afirma que, en virtude do artigo 3 do Real-Decreto Lei 8/2014, de 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, se permite a refinanciación das operacións de préstamo formalizadas polas entidades locais co Fondo para a Financiación dos Pagos a Proveedores, mediante o cumprimento de determinados requisitos de carácter económico. Asimesmo, afirma que durante os últimos meses as condicións de financiación que ofrecen as entidades financeiras cambiaron de maneira notable para mellor con tipos de xuro moito máis baixos cos de fai uns anos ou incluso meses.

O Sr. Alcalde afirma que, segundo o informe de valoración do técnico, a oferta economicamente máis ventaxosa é a que presentou Caixa Rural Galega que ten, de maneira resumida as seguintes condicións:

- Importe límite: 639.090,65 euros.
- Vencimiento: 01/05/2022.
- Carencia: 1 ano.
- Tipo de Xuro: Euribor a 3 meses + 0,95 puntos porcentuais.
- Revisión Tipo de Xuro: Trimestral.
- Comisións: Exento.
- Liquidación de intereses: Trimestrais.
- Amortización: Trimestral.
- Xuro de demora: Tipo da póliza + 4 puntos porcentuais.
- Intervención da operación ante o Secretario do Concello.



O Sr. Alcalde afirma que esta oferta conlevará unha importante redución da carga financeira do Concello para os próximos anos, concretamente de máis de 120.000,00 euros.



CONCELLO DE PALAS DE REI  
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28  
CP 27200 Palas de Rei  
Telf. 982380001  
Fax. 982374015  
concellopalas@yahoo.es  
www.palasdere1.com

O Sr. Alcalde seguidamente pasa a ler de maneira literal a proposta de alcaldía:

*“Con data 28 de novembro de 2014 , iniciouse un procedemento para a refinanciación dunha operación de prestamo formalizada por esta Entidade co Fondo para a Financiación de Pago a Proveedores.*

*Con data tamén de 28 de novembro de 2014 a Intervención Municipal emitiu informe para valorar a viabilidade da concertación da referida operación de refinanciación así como un informe por parte da Secretaría relativo a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.*

*Na mesma data que o anterior, solicitouse a todas as Entidades Bancarias, con oficinas nesta Vila, ofertas económicas.*

*Durante o prazo de sete días presentaron ofertas as Entidades BBVA, ABANCA, e CAIXA RURAL GALEGA.*

*Tras a valoración das ofertas visto canto antecede, esta Alcaldía propón o Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:*

**PRIMEIRO.-** *Concertar unha nova operación por importe de 639.090,65 euros para refinanciar na súa totalidade e proceder, por tanto, a cancelación total da operación suscrita con cargo ó mecanismo de financiación do Fondo de pago a provedores.*

**SEGUNDO.-** *Ó cumprir o Concello de Palas de Rei, os requisitos do aforro neto positivo e da débeda viva por debaixo do 75% dos recursos ordinarios do Concello de acordo cos datos da liquidación do presuposto municipal do ano 2013, establecidos polo Real Decreto 8/2014, de 4 de xullo, de aprobación das Medidas urxentes para o Crecemento, a Competitividade e a Eficiencia, así como según a Lei 18/2014, do 15 de outubro de aprobación das Medidas urxentes para o Crecemento, a Campetitividade e a Eficiencia, non se fai necesaria a aprobación dun plan de saneamento ou da redución da débeda, para o período 2015-2022.*



CONCELLO DE PALAS DE REI  
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28  
CP 27200 Palas de Rei  
Telf. 982380001  
Fax. 982374015  
concellopalas@yahoo.es  
www.palasdereis.com

**TERCEIRO.-** *Adxudicar a concertación da operación de refinanciación por importe de 639.090,65 euros nas seguintes condicións, que foron presentadas na súa oferta a Entidade CAIXA RURAL GALEGA:*

- Importe límite: 639.090,65 euros.
- Vencimiento: 01/05/2022.
- Carencia: 1 ano.
- Tipo de Xuro: Euribor a 3 meses + 0,95 puntos porcentuais.
- Revisión Tipo de Xuro: Trimestral.
- Comisións: Exento.
- Liquidación de intereses: Trimestrais.
- Amortización: Trimestral.
- Xuro de demora: Tipo da póliza + 4 puntos porcentuais.
- Intervención da operación ante o Secretario do Concello.

**CUARTO.-** *Notificar a adxudicación as Entidades Financeiras que presentaron ofertas.*

**QUINTO:-** *Notificar a Caixa Rural Galega, adxudicataria provisional de dita operación de refinanciación o presente acordo e indicarlle que ata a recepción da autorización do Ministerio, non se poderá entender adxudicada definitivamente a nova operación.*

**SEXTO.-** *Solicitar do Ministerio de Fecenda e Adminstracións Públicas, a refinanciación da operación formalizada con cargo o Fondo.*

Seguidamente, toma a palabra o Sr. Rouco Ferro, portavoz do Grupo Socialista, que afirma que o seu grupo político se vai abster na votación.

Concluído o debate, o Pleno do Concello de Palas de Rei, por 6 votos a favor que corresponden cos concelleiros do Grupo Popular, e tres abstencións, que corresponden cos concelleiros do Grupo Socialista, adopta o seguinte **ACORDO:**



CONCELLO DE PALAS DE REI  
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28  
CP 27200 Palas de Rei  
Telf. 982380001  
Fax: 982374015  
concellopalas@yahoo.es  
www.palasdereis.com

**PRIMEIRO.-** Concertar unha nova operación por importe de 639.090,65 euros para refinanciar na súa totalidade e proceder, por tanto, a cancelación total da operación suscrita con cargo ó mecanismo de financiación do Fondo de pago a provedores.

**SEGUNDO.-** Ó cumprir o Concello de Palas de Rei, os requisitos do aforro neto positivo e da débeda viva por debaixo do 75% dos recursos ordinarios do Concello de acordo cos datos da liquidación do presuposto municipal do ano 2013, establecidos polo Real Decreto 8/2014, de 4 de xullo, de aprobación das Medidas urxentes para o Crecemento, a Competitividade e a Eficiencia, así como según a Lei 18/2014, do 15 de outubro de aprobación das Medidas urxentes para o Crecemento, a Competitividade e a Eficiencia, non se fai necesaria a aprobación dun plan de saneamento ou da redución da débeda, para o período 2015-2022.

**TERCEIRO.-** Adxudicar a concertación da operación de refinanciación por importe de 639.090,65 euros nas seguintes condicións, que foron presentadas na súa oferta a Entidade **CAIXA RURAL GALEGA:**

- Importe límite: 639.090,65 euros.
- Vencimiento: 01/05/2022.
- Carencia: 1 ano.
- Tipo de Xuro: Euribor a 3 meses + 0,95 puntos porcentuais.
- Revisión Tipo de Xuro: Trimestral.
- Comisións: Exento.
- Liquidación de intereses: Trimestrais.
- Amortización: Trimestral.
- Xuro de demora: Tipo da póliza + 4 puntos porcentuais.
- Intervención da operación ante o Secretario do Concello.



**CUARTO.-** Notificar a adxudicación as Entidades Financeiras que presentaron ofertas.

**QUINTO:-** Notificar a Caixa Rural Galega, adxudicataria provisional de dita operación de refinanciación o presente acordo e indicarlle que ata a recepción da autorización do Ministerio, non se poderá entender adxudicada definitivamente a nova operación.



CONCELLO DE PALAS DE REI  
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28  
CP 27200 Palas de Rei  
Telf. 982380001  
Fax. 982374015  
concellopalas@yahoo.es  
www.palasdereis.com

***SEXTO.- Solicitar do Ministerio de Fecenda e Adminstracións Públicas, a refinanciación da operación formalizada con cargo o Fondo.***

Non habendo máis asuntos de que tratar, o Sr. Presidente da por remado o acto, e levanta a sesión as nove horas e vinte minutos, de todo o que eu, como Secretario, dou fé.

O ALCALDE

O SECRETARIO